

Repaso dos Temas 1 e 2

1. En que situación se utiliza a linguaxe? Marca.



2. Que lingua fala cada rapaz? Relaciona.



3.

Escribe en galego as seguintes oracións.

- Marta tiene un perro. ▶
- Omar escribe cuentos. ▶
- Hace mucho frío. ▶
- Juana se ha enfadado. ▶



4.

Le o texto atentamente e anota máis abaixo as linguas que se nomean.

Que lea!

Na nosa clase fálanse moitas linguas porque hai rapaces e rapazas de varios lugares do mundo: Mohammed, que é de Marrocos, fala árabe; Juana, de Colombia, fala castelán; Gica, que é de Romanía, fala romanés; Gianni, que acaba de chegar de Italia, fala italiano; Huang, da China, fala chinés; e o resto da clase, que somos de aquí, falamos galego. Credes que nos poderemos entender? Nós estamos seguros de que si!



5. Completa estas palabras con c ou con qu.



melo otón



es udo



pa ete



bal ón



arpeta



es ís



ágado



ra eta

6. Adiviña de que animal se fala en cada caso e escríbeo.
Todos os nomes teñen c ou qu.

Ten as orellas longas
e gústalle a cenoria.

Vive cerca do Polo, ten
aletas e é grosa e bigotuda.



Come noces e piñóns
e vive no bosque.

Vai ao paso, ao trote
e ao galope.

É coma un minúsculo
avión e pícate na pel.

7.

Le o texto e separa con barras (/) as oracións que contén.

Unha exposición moi interesante

A mestra de Plástica levounos hoxe a unha exposición de maquetas. Foi alucinante! Había rañaceos cunha chea de ventaiñas. Pero tamén había urbanizacións de casas con prazas e rúas. Mesmo había cochiños!

Gustounos tanto iso das maquetas, que pensamos facer unha da nosa vila. Consegüíremolo? Estamos seguros de que si!



8.

Responde.

- Cantas oracións contén o texto anterior?
- Cantas acaban en punto?
- Cantas acaban en signo de admiración?
- E en signo de interrogación?
- Cantas palabras ten a oración máis longa?
- Cantas ten a máis curta?

9.

Marca a opción que sexa unha oración.

☐ do está río moi A conxelada auga.

☐ O pai de Carme é arquitecto.